



SINISTRALIDADE CERO, OBXECTIVO DA CAMPAÑA “CAZA SEGURO PARA CAZAR BEN”

Xoves, 29 de novembro de 2007

Acadar unha “sinistralidade cero”, sensibilizando ós cazadores sobre boas prácticas é o obxectivo da campaña “Caza Seguro para Cazar Ben”, que por segundo ano consecutivo puxo en marcha a Federación Galega de Caza en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e que hoxe foi presentada polo Director Xeral de Conservación da Natureza, Xosé Benito Reza Rodríguez, e o presidente da Federación Galega de Caza, José María Gómez Cortón.



A pesar de que na última década Galicia viu incrementado o número de cazadores na caza maior, que nun principio implica maiores riscos con respecto á menor, a comunidade manteu os niveis de sinistralidade e actualmente atópase por debaixo da media nacional, cun ratio de un accidente por cada millón de xornadas cinexéticas.

Esta tendencia á redución é posible tamén grazas á sensibilización e esforzos de cantos están relacionados coa actividade venatoria, e non se viu aumentada malia que os montes galegos teñen cada vez un uso máis extendido debido á organización doutras actividades como o sendeirismo, as rutas a cabalo ou aquelas relacionadas coa micoloxía.

No marco desta campaña entregáronse o pasado ano 1000 carteis, 3.000 folletos e 3.000 chalecos reflectantes. Para este ano prevese o desenvolvemento dunha serie de iniciativas, entre as que destaca o reparto de máis de 5.000 chalecos para o uso do colectivo de cazadores e unha nova edición de carteis e folletos informativos sobre as normas de seguridade establecidas na lexislación vixente e a súa aplicación práctica. Ademais este ano, como principal novidade, entregaránselles ás sociedades de caza 2.000 sinais de cacería para seren colocadas nas vías de acceso ás zonas de caza, onde se realizan batidas ou cacerías, informando da realización desa actividade cinexética.

Con esta campaña a Federación Galega de Caza quere facer unha vez máis un chamamento para que non se baixe a garda dentro da práctica da caza e incidir na necesidade de cumprir as normas establecidas e aplicar sobre todo o sentido común.

Un saúdo. **Gabinete de comunicación.**
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA